

ENGLISH TASK

Hi again,

Na seguinte tarefa o alumnado debe premer de novo no enlace que indico ó final da páxina e facer a actividade online. Unha vez feita, igual que a vez anterior debe clicar en finish ou terminado e escoller a opción email the activity to my teacher. Deben completar co seu nome e o curso e escribir o meu correo electrónico que é o seguinte:

lolaroseinenglish@gmail.com

Clicar no seguinte enlace e facer a tarefa correspondente:

<https://www.liveworksheets.com/gu1181qz>

No exercicio 1 o alumnado debe clicar na resposta correcta unha vez escoiten o audio. No exercicio 1 segunda parte, deben responder ás preguntas fixándose en se preguntan con is, do ou does (recordade que responderedes co mesmo co que se pregunta, prestade atención ó exemplo que xa está feito). Fixádevos na última pregunta que empeza con who (quen), así que se me pregunta quen teño que recordar que contesto directamente co nome da persoa.

No exercicio 2 debes completar cos días da semana e dos meses e os números seguindo a orde correcta.

No exercicio 3 completamos coas formas correctas do verbo have got-haven't got ou has got-hasn't got. Prestade atención a se o suxeito da oración é singular ou plural para escoller entre have ou has. Debemos empregar tanto a forma afirmativa como a negativa (o que está tachado quere dicir que debo facer a oración en negativa)

No exercicio 4 deben completar coas palabras que teñen na lista. Prestade atención e lede con calma para saber se debes utilizar as formas en singular ou plural.

Prazo de entrega: Ata a primeira semana de xuño

Take care

Rosie